



17 FERROL

CÓDIGO CONCELLO






17 FERROL

CÓDIGO CONCELLO

Código	NOME	Código	NOME
17_001	FONTE EN SANTA COMBA	17_025	ARSENAL DE FERROL
17_002	NECRÓPOLE DE SANTA COMBA	17_026	CAPELA DE SANTA MARÍA DE CARANZA
17_003	ERMIDA DE SANTA COMBA	17_028	INSTALACIÓNS MILITARES DE CABO PRIOR
17_004	FARO PRIOR	17_029	CUARTEL DE MARINERÍA DO MONTÓN
17_006	BATERÍA DE SAN XURXO	17_030	PECIO DE CAÑOTA
17_007	CASTRO DE LOBARIZ	17_031	PECIO DE PUNTA BARBEIRA
17_008	BATERIA DE DONIÑOS / CASTELO DE OUTEIRO	17_032	PECIO PRAIA DE SANTA COMBA
17_011	FARO PRIORIÑO	17_034	FERROL VELLO
17_012	BATERÍA DE VIÑAS	17_035	XACEMENTO ROMANO DE CARIÑO
17_013	BATERÍAS DE CARIÑO	17_036	CASTELO DE SAN FELIPE
17_014	ESCOTADURA PALEOLÍTICA	17_037	BATERÍA DE SAN CARLOS
17_015	BATERÍA DE SAN CRISTOVO	17_038	BATERÍA DE SAN CRISTOVO
17_016	BATERÍA DE SAN CARLOS	17_039	BATERÍA DE PRIORIÑO CHICO
17_017	CASTELO DE SAN FELIPE	17_040	BATERÍA DE DONIÑOS / CASTELO DE OUTEIRO
17_018	SAN FELIPE	17_041	BATERÍA DE VIÑAS
17_019	NAVE DE ASTAFERSA E PEIRAO	17_042	BATERÍA DE SAN XURXO
17_020	ARSENAL CIVIL DA CABANA	17_043	BATERÍAS DE CARIÑO
17_021	DIQUE DE CABANA	17_044	BATERÍA DE SAN XOÁN (MURALLAS XVIII)
17_023	BATERÍA DE SAN XOÁN (MURALLAS XVIII)	17_045	ARSENAL DE FERROL
17_024	PEIRAO DE CURRUXEIRAS E MURO DA RÚA ISAAC ALBÉNIZ		

CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: MONUMENTO

PLANEAMIENTO: REVIS E ADAPT PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: F50

ETNOLÓXICO TIPO: FONTES SUBTIPO

ELEMENTO: FONTE

NIVEL DE PROTECCIÓN: AMBIENTAL

GRADO DE CONSERVACIÓN: ACEPTABLE

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: DOTACIONAL

DETALLADO: SERVICIOS PÚBLICOS

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación.

AUTORIZABLES

Cómpre preservar a fábrica pétreo, configuración semicircular e relación coa ermida. Recoméndanse mantemento, conservación e restauración puntual de xuntas e control vexetal.

POSTA EN VALOR

17_001
CÓDIGO INVENTARIO

FONTE EN SANTA COMBA
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA: A CORUÑA

COMARCA COSTEIRA: RÍAS ALTAS

CONCELLO: FERROL

SECTOR COSTEIRO: COSTA NORTE DE FERROL

UNIDADE DE PAISAXE: SANTA COMBA

PARROQUIA: COVAS (SAN MARTIÑO)

NÚCLEO / LUGAR:

REFERENCIA CATASTRAL: 15037A12705005

ZONA: SERVIDUME

COORDENADAS: X: 557969,00 Y: 4823001,00
U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Fonte pública de tipoloxía tradicional, vinculada á arquitectura da auga e asociada á Ermida de Santa Comba. A súa función orixinal foi o abastecemento e uso devocional; actualmente mantén uso dotacional. Executada en fábrica de cachotaría e perpiaño de pedra granítica, con aparello irregular e xuntas tomadas con morteiro. Presenta muro curvo posterior e dou laterais, configurando espazo semicircular aberto e pavimentado con laxas. Estado de conservación aceptable, con colonización vexetal puntual, erosión superficial e lixeiras perdas de material.

DESCRIPCIÓN

Elemento exento executado con fábrica de cachotaría vista sen revestimento, cromatismo pétreo natural.

EDIFICACIÓN

Parcela rústica de configuración irregular, integrada no ámbito costeiro da illa. Uso dotacional vinculado á ermida e espazo público. Sen peche definido, delimitada pola topografía natural e conectada directamente co elemento.

PARCELA

Contorno rural costeiro, de alta exposición paisaxística e acceso peonil. Sen edificacións próximas que alteren a percepción. Conxunto de interese etnolóxico asociado á ermida. Integración visual axeitada en paisaxe atlántica.

ENTORNO

Elemento representativo da arquitectura popular da auga na costa ferrolá, vinculado á tradición relixiosa da illa de Santa Comba. Posúe valor etnolóxico, identitario e paisaxístico no contexto litoral das Rías Altas.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: SITIO ARQUEOLÓXICO

PLANEAMIENTO: REVIS E ADAPT PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: A1

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO TIPO: XACEMENTO ARQUEOLÓXICO SUBTIPO

ELEMENTO: OTROS

NIVEL DE PROTECCIÓN: GRAO II.1 / GRAO II.2

GRADO DE CONSERVACIÓN: ALTERADO

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: DOTACIONAL

DETALLADO: ESPAZOS LIBRE E ZONA VERDE

DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

17_002
CÓDIGO INVENTARIO

NECRÓPOLE DE SANTA COMBA
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA: A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA: RÍAS ALTAS
CONCELLO: FERROL
SECTOR COSTEIRO: COSTA NORTE DE FERROL
UNIDADE DE PAISAXE: SANTA COMBA
PARROQUIA: COVAS (SAN MARTIÑO)
NÚCLEO / LUGAR: PEDREIRA, A
REFERENCIA CATASTRAL: 15037A12709012
ZONA: DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
COORDENADAS: X: 557949,00 Y: 4823161,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Xacemento arqueolóxico situado na Punta de Santa Comba. Correspóndese cun conxunto formado por illote e istmo costeiro con restos de castro e necrópole medieval, incluíndo sartego pétreo e estruturas murarias visibles nos cantís. Documentáronse materiais de época da Idade do Ferro, romana e medieval, así como posibles fornos de fundición. O emprazamento ocupa antigo promontorio parcialmente segregado por erosión mariña. Presenta grao de alteración significativo por acción antrópica e dinámica litoral. Código GA15036014, con nivel de protección Grao II.1 / Grao II.2.

DESCRIPCIÓN

Consérvanse restos murarios asociados a asentamento fortificado e estruturas funerarias escavadas en rocha.

EDIFICACIÓN

Ámbito insular e istmo costeiro na Punta de Santa Comba, delimitado pola liña de cantís e praia.


PARCELA

Contorno litoral aberto, con monte baixo e vexetación dunar. Alta exposición á dinámica mariña e procesos erosivos.

ENTORNO

Xacemento costeiro con secuencia Idade do Ferro, romana e medieval, representativo da ocupación histórica do litoral ferrolán. Inclúe necrópole e estruturas asociadas.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

Escala: 1:2.000




HIPSOMÉTRICO

Escala: 1:2.000



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN	BEN CATALOGADO
CATEGORÍA	MONUMENTO
PLANEAMIENTO	REVIS E ADAPT PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	B12
ARQUITECTÓNICO TIPO	RELIXIOSO SUBTIPO
ELEMENTO	CAPELA
NIVEL DE PROTECCIÓN	ESTRUTURAL
GRADO DE CONSERVACIÓN	ACEPTABLE
USOS ORIXINAIS	DOTACIONAL
DETALLADO	DOTACIONAL MÚLTIPLE

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Debe salientarse a súa integración na paisaxe costeira, a autenticidade material, a tipoloxía relixiosa popular e o valor como fito cultural. A súa posta en valor require conservación preventiva e accións de mantemento.

POSTA EN VALOR

17_003
CÓDIGO INVENTARIO

ERMIDA DE SANTA COMBA
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA	RÍAS ALTAS
CONCELLO	FERROL
SECTOR COSTEIRO	COSTA NORTE DE FERROL
UNIDADE DE PAISAXE	SANTA COMBA
PARROQUIA	COVAS (SAN MARTIÑO)
NÚCLEO / LUGAR	PEDREIRA, A
REFERENCIA CATASTRAL	001900100NJ52D
ZONA	DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
COORDENADAS	X: 557889,67 Y: 4823220,13 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

A Capela, configúrase como unha edificación relixiosa de pequena escala, erguida en cachotaría de pedra granítica con cuberta a dúas augas de lousa. Localízase nun emprazamento singular sobre un cantil costeiro, en contacto directo coas dinámicas mariñas e eólicas. A súa volumetría compacta, a ausencia de ornamentación e a austeridade construtiva reflicten a tradición popular da arquitectura relixiosa de uso comunitario vinculada ao litoral. A relación coa paisaxe é un dos seus valores principais, xa que a capela actúa como fito de referencia visual na unidade de paisaxe de Santa Comba. O estado de conservación é aceptable, aínda que se aprecian deterioros menores derivados da exposición a condicións ambientais severas.

DESCRIPCIÓN

Capela de tipoloxía relixiosa en cachotaría de pedra, planta sinxela rectangular e volumes adxuntos. Cubertas en lousa. Carácter austero, sen ornato, que evidencia funcionalidade cultural e forte integración no medio mariño.

EDIFICACIÓN

Localízase nun predio naturalizado sen delimitacións, disposto sobre cantís costeiros de grande pendente. O terreo carece de urbanización ou intervencións modernas, mantendo un aspecto agreste e de elevada exposición ambiental.


PARCELA

Atópase inserida na unidade de paisaxe de Santa Comba, dentro da Costa Norte de Ferrol. A contorna combina cantís, praias recollidas e vexetación costeira que reforzan o seu carácter singular.

ENTORNO


O emprazamento estratéxico sobre o cantil, a visibilidade dende o mar e terra, a autenticidade construtiva en pedra e a súa condición de fito cultural vinculado á memoria colectiva confiren ao conxunto un alto valor patrimonial.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN


ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000



Escala: 1:5.000

IMAXES

CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: MONUMENTO

PLANEAMIENTO: REVIS E ADAPT PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: D1

ARQUITECTÓNICO TIPO: CIVIL SUBTIPO

ELEMENTO: FARO

NIVEL DE PROTECCIÓN: ESTRUCTURAL

GRADO DE CONSERVACIÓN: ACEPTABLE

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: DOTACIONAL

DETALLADO: DOTACIONAL MÚLTIPLE

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Cómpre salientar a súa continuidade histórica, o valor arquitectónico e ambiental, a función social ligada á seguridade marítima, a integración paisaxística e a potencialidade como recurso cultural e turístico sustentable.

POSTA EN VALOR

17_004
CÓDIGO INVENTARIO

FARO PRIOR
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA: A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA: RÍAS ALTAS
CONCELLO: FERROL
SECTOR COSTEIRO: COSTA NORTE DE FERROL
UNIDADE DE PAISAXE: CABO PRIOR
PARROQUIA: COVAS (SAN MARTIÑO)
NÚCLEO / LUGAR: 000600100NJ52D
REFERENCIA CATASTRAL: DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA: X: 555356,00 Y: 4824080,00
COORDENADAS: U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

O faro Prior, érguese como un fito arquitectónico e paisaxístico de grande valor ambiental e patrimonial. Construído a mediados do século XIX e en funcionamento desde 1853, responde á tipoloxía de planta cadrada sobre un zócolo de granito, co corpo principal disposto en horizontal e coroado por unha torre cilíndrica que alberga a lanterna metálica. O conxunto destaca pola súa sobriedade volumétrica, coidada fábrica de cachotaría revocada e guarnecida con esquinales de cantería, así como pola súa integración coa paisaxe costeira. O inmobile conserva un estado xeral aceptable, sen alteracións estruturais de relevancia, e mantén plenamente a súa función dotacional. A súa implantación nun enclave sobranceiro, dominando amplamente a costa, reforza o seu carácter simbólico.

DESCRIPCIÓN

Edificación de planta cadrada con desenvolvemento horizontal, zócolo de granito e fábrica revocada. Presenta carpintarías en azul e torre cilíndrica con lanterna metálica. A volumetría austera garante a súa presenza monumental.

EDIFICACIÓN

A parcela ocupa un promontorio costeiro elevado, configurándose como espazo estratéxico de dominio visual. O terreo, rochoso e con vexetación baixa atlántica, define unha contorna dura e exposta.


PARCELA

Corresponde á unidade de paisaxe de Cabo Prior, con fortes valores naturais e ambientais. A paisaxe, abrupta e recortada, reforza a singularidade do faro como fito cultural inserido nun espazo de gran relevancia ecolóxica.

ENTORNO

Destacan o seu valor ambiental e patrimonial, a súa continuidade funcional desde 1853, a autenticidade construtiva con materiais tradicionais; constituíndo un elemento de referencia identitaria e marítima.

VALORES




DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN	BIC XENÉRICO
CATEGORÍA	SITIO ARQUEOLÓXICO
PLANEAMIENTO	DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL
FICHA	GA15036086
XACEMENTO ARQUEOLÓXICO TIPO	XACEMENTO ARQUEOLÓXICO SUBTIPO
ELEMENTO	BATERÍA COSTEIRA
NIVEL DE PROTECCIÓN	GRAO I / GRAO II.2
GRADO DE CONSERVACIÓN	ALTERADO
USOS ORIXINAIS	DOTACIONAL
DETALLADO	ESPAZOS LIBRE E ZONA VERDE

DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

17_006
CÓDIGO INVENTARIO

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA	RÍAS ALTAS
CONCELLO	FERROL
SECTOR COSTEIRO	COSTA NORTE DE FERROL
UNIDADE DE PAISAXE	MONTE DE SAN XURXO
PARROQUIA	SAN XURXO DA MARIÑA (SAN XURXO)
NÚCLEO / LUGAR	VILA DA AREA
REFERENCIA CATASTRAL	15037A04200001
ZONA	SERVIDUME
COORDENADAS	X: 555596,00 Y: 4819589,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Trátase dun asentamento fortificado costeiro de época moderna, datado no século XVIII e destinado á defensa artillada do litoral. Na actualidade consérvase unicamente parte da plataforma semicircular pétreo correspondente ao ámbito do canón, executada en cachotaría de pedra colocada en seco. O emprazamento localízase en cantil mariño, con vexetación dunar e dominio público marítimo-terrestre. Presenta grao de alteración elevado, case desaparecido. Código GA15036086, con nivel de protección Grao I / Grao II.2. Considerado tamén Ben Arquitectónico polo que dispón de ficha diferenciada.

DESCRIPCIÓN

Subsiste plataforma semicircular de pedras correspondente ao asento do canón.

EDIFICACIÓN

Predio situado en Punta de San Xurxo, sobre cantil costeiro.

PARCELA


Contorno litoral aberto con cantís e vexetación dunar. Área de uso turístico vinculada á praia de San Xurxo, con elevada exposición á dinámica mariña.

ENTORNO

Testemuño da arquitectura militar costeira do século XVIII en Ferrol, integrado no sistema defensivo litoral. Valor histórico e arqueolóxico como estrutura artillada moderna.

VALORES

BATERÍA DE SAN XURXO
DENOMINACIÓN



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN



ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

Escala: 1:2.000


HIPSOMÉTRICO

Escala: 1:5.000

Escala: 1:2.000



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: SITIO ARQUEOLÓXICO

PLANEAMIENTO: REVIS E ADAPT PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: A2

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO TIPO: XACEMENTO ARQUEOLÓXICO SUBTIPO

ELEMENTO: CASTRO

NIVEL DE PROTECCIÓN: GRAO II.1 / GRAO II.2

GRADO DE CONSERVACIÓN: ALTERADO

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: FORESTAL

DETALLADO

DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

17_007
CÓDIGO INVENTARIO

CASTRO DE LOBARIZ
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA: A CORUÑA

COMARCA COSTEIRA: RÍAS ALTAS

CONCELLO: FERROL

SECTOR COSTEIRO: COSTA NORTE DE FERROL

UNIDADE DE PAISAXE: MONTE DE SAN XURXO

PARROQUIA: SAN XURXO DA MARIÑA (SAN XURXO)

NÚCLEO / LUGAR: VILA DA AREA

REFERENCIA CATASTRAL: 15037A04000001

ZONA: SERVIDUME

COORDENADAS: X: 554257,61 Y: 4817478,94
U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Asentamento fortificado costeiro da Idade do Ferro. Sitúase sobre unha punta rochosa. Presenta dúas liñas de muralla pétreas de cachotería en seco adaptadas á topografía, con parapeto e foso intermedio parcialmente colmatado. Recinto principal de planta oval, duns 250 m no eixe N-S e 200 m no E-W, con indicios de estruturas circulares. Estado alterado por escavacións parciais, construcións modernas e erosión mariña, con perda de treitos de muralla e afeccións antrópicas. Código GA15036001, con nivel de protección Grao II.1 / Grao II.2.

DESCRIPCIÓN

Identifícanse restos de estruturas circulares e rectangulares escavadas. Murallas de cachotería en seco, parcialmente arrasadas.

EDIFICACIÓN

Predio irregular adaptado á morfoloxía dunha punta costeira, delimitado por cantís e istmo oriental. Uso actual forestal e monte baixo.


PARCELA

Entorno litoral aberto, con dominio visual sobre a enseada e accesos terrestres limitados. Paisaxe de monte baixo e repoboación forestal. Presenza puntual de edificacións illadas e infraestruturas cun impacto visual moderado.

ENTORNO

Exemplo representativo de castro marítimo das Rías Altas, con valor estratéxico e defensivo vinculado ao control costeiro. Achega información sobre o poboamento da Idade do Ferro no ámbito ferrolán.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN


ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

Escala: 1:2.000




HIPSOMÉTRICO

Escala: 1:2.000



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BIC XENÉRICO

CATEGORÍA: MONUMENTO

PLANEAMIENTO: PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

FICHA:

ARQUITECTÓNICO TIPO: DEFENSIVO SUBTIPO

ELEMENTO: BATERÍA COSTEIRA

NIVEL DE PROTECCIÓN: INTEGRAL

GRADO DE CONSERVACIÓN: MOI DEFICIENTE

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: DOTACIONAL

DETALLADO: DOTACIONAL MÚLTIPLE

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrucción excepcional.

AUTORIZABLES

Debe destacarse a súa posición estratéxica, a memoria histórica do sistema defensivo costeiro e a relación co espazo natural de Doniños, promovendo actuacións de conservación, interpretación e integración paisaxística.

POSTA EN VALOR

17_008
CÓDIGO INVENTARIO

BATERIA DE DONIÑOS / CASTELO DE OUTEIRO
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA: A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA: RÍAS ALTAS
CONCELLO: FERROL
SECTOR COSTEIRO: COSTA NORTE DE FERROL
UNIDADE DE PAISAXE: DONIÑOS
PARROQUIA: DONIÑOS (SAN ROMÁN)
NÚCLEO / LUGAR: VILAR
REFERENCIA CATASTRAL: 15037A03600155
ZONA: SERVIDUME
X: 555268,00 Y: 4816201,64
COORDENADAS: U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

A batería costeira constitúe un ben patrimonial de carácter militar. O conxunto, en estado moi deficiente, conserva parcialmente restos de cimentacións, plataformas de artillaría e trazas de muros enrasados co terreo. A súa posición estratéxica, dominando a praia de Doniños e a fachada atlántica, responde á lóxica de control marítimo e de defensa costeira que se desenvolveu intensamente entre os séculos XVIII e XX. O elemento forma parte dun tecido territorial singular, onde a paisaxe natural de dunas, chairas mariñas e masas forestais se combina cunha rede histórica de infraestruturas militares. A ausencia de cubertas e a deterioración estrutural evidencian o abandono. Considerado tamén Ben Arqueolóxico polo que dispón de ficha diferenciada.

DESCRIPCIÓN

Restos dunha batería militar de artillaría costeira, con cimentacións visibles e muros enrasados. A edificación presenta fortes deterioros, mais conserva a súa traza defensiva e a posición estratéxica orixinal.

EDIFICACIÓN

Parcela situada nun espazo de transición entre as dunas mariñas e o inicio da masa forestal. A topografía lixeira permite un dominio visual sobre a praia de Doniños e constitúe un punto de control territorial.

PARCELA

O entorno inmediato configúrase por dunas, vexetación atlántica e masas de piñeiro e eucalipto, con valor paisaxístico. O horizonte mariño de Doniños e a súa integridade ambiental engaden singularidade.

ENTORNO

Función histórica de defensa costeira, reforzado pola implantación estratéxica sobre a ría e polo diálogo directo coa paisaxe natural. Constitúe testemuño patrimonial e paisaxístico de relevancia cultural.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: MONUMENTO

PLANEAMIENTO: REVIS E ADAPT PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: D2

ARQUITECTÓNICO TIPO: CIVIL SUBTIPO

ELEMENTO: FARO

NIVEL DE PROTECCIÓN: ESTRUCTURAL

GRADO DE CONSERVACIÓN: ACEPTABLE

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: DOTACIONAL

DETALLADO: DOTACIONAL MÚLTIPLE

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Debe valorizarse a súa función histórica como guía marítima, a conservación da tipoloxía orixinal, a integración paisaxística co cantil e o carácter simbólico no patrimonio marítimo, promovendo usos culturais compatibles.

POSTA EN VALOR

17_011
CÓDIGO INVENTARIO

FARO PRIORIÑO
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA: A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA: RÍAS ALTAS
CONCELLO: FERROL
SECTOR COSTEIRO: COSTA NORTE DE FERROL
UNIDADE DE PAISAXE: CANTÍS DO PIEIRO E MONTE VENTOSO
PARROQUIA: DONIÑOS (SAN ROMÁN)
NÚCLEO / LUGAR: O PIEIRO
REFERENCIA CATASTRAL: 15037A03000047
ZONA: SERVIDUME
COORDENADAS: X: 553383,00 Y: 4811982,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

O faro do Cabo Prioriño, eríxese sobre unha planta cuadrangular asentada en zócolo granítico, configurando un volume compacto de marcada sobriedade arquitectónica. A súa fachada orientada ao mar resáltase pola presenza da torre do faro, elemento distintivo que reforza a súa identidade funcional e paisaxística. Foi inaugurado en 1854, mantendo dende entón a súa actividade como infraestrutura de sinalización marítima esencial para a navegación costeira nas Rías Altas. O edificio presenta muros revocados en branco con guarnicións en cantaría, cuberta a dúas augas con lousa, carpinterías verticais e unha volumetría equilibrada que combina funcionalidade e integración co contorno natural. O seu valor patrimonial radica na súa función histórica, ambiental e simbólica.

DESCRIPCIÓN

Edificio de tipoloxía funcional, de planta cuadrangular, zócolo granítico e muros revocados en branco con carpinterías verticais. Torre proxectada cara ao mar e cuberta de lousa a dúas augas, consolidando a súa presenza mariñeira.

EDIFICACIÓN

A parcela atópase sobre plataforma rochosa dominante no cantil. O espazo garante visibilidade ao mar e integra elementos auxiliares de servizo, cunha configuración de acceso adaptada á topografía.


PARCELA

O inmobile insírese na unidade de paisaxe dos cantís do Pieiro e Monte Ventoso, caracterizada pola súa potencia visual e ecolóxica. O faro convértese en fito, xerando un diálogo entre arquitectura e natureza mariña.

ENTORNO

A singularidade reside na súa antigüidade, continuidade funcional e integración paisaxística. Constitúe testemuña da enxeñaría marítima do século XIX e posúe un alto valor ambiental e cultural como elemento identitario.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN


ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN	BIC XENÉRICO
CATEGORÍA	MONUMENTO
PLANEAMIENTO	REVIS E ADAPT PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	C5
ARQUITECTÓNICO TIPO	DEFENSIVO SUBTIPO
ELEMENTO	BATERÍA COSTEIRA
NIVEL DE PROTECCIÓN	INTEGRAL
GRADO DE CONSERVACIÓN	ACEPTABLE
USOS ORIXINAIS	DOTACIONAL
DETALLADO	DOTACIONAL MÚLTIPLE

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrucción excepcional

AUTORIZABLES

Cómpre potenciar a interpretación histórica e militar, a calidade construtiva, a integración paisaxística no porto exterior e a súa función cultural, garantindo conservación, consolidación e uso divulgativo.

POSTA EN VALOR

17_012
CÓDIGO INVENTARIO

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA	GOLFO ÁRTABRO
CONCELLO	FERROL
SECTOR COSTEIRO	RÍA DE FERROL
UNIDADE DE PAISAXE	PORTO EXTERIOR DE FERROL
PARROQUIA	DONIÑOS (SAN ROMÁN)
NÚCLEO / LUGAR	PIEIRO, O
REFERENCIA CATASTRAL	15037A03000047
ZONA	SERVIDUME
COORDENADAS	X: 553576,00 Y: 4812100,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

A Bateria de Viñas constitúe un exemplo singular da arquitectura militar do século XVIII, integrada no sistema defensivo costeiro impulsado a partir de 1739. O conxunto orixinal foi parcialmente desmontado e trasladado uns 700 metros debido ás obras do porto exterior, levantándose novamente o perímetro defensivo, os restos das edificacións de servizo, o forno e o patio, executados en cachotaría e cantería granítica. O ben conserva o carácter monumental e estratéxico vinculado á protección da entrada marítima. Actualmente presenta un estado aceptable de conservación, con valores ambientais e patrimoniais relevantes. O seu contorno musealizado reforza a súa función cultural e didáctica. Considerado tamén Ben Arqueolóxico polo que dispón de ficha diferenciada.

DESCRIPCIÓN

A batería presenta estrutura en planta irregular, con muros perimetrais en cachotaría e reforzos de cantería. Mantéñense trazas de dependencias auxiliares e elementos defensivos, conservando a tipoloxía orixinal.

EDIFICACIÓN

A parcela atópase na área do Porto Exterior de Ferrol. A delimitación inclúe restos defensivos trasladados e integrados en contorno musealizado, nun espazo sen uso funcional pero con clara vocación patrimonial.

PARCELA


O entorno combina elementos naturais costeiros e infraestruturas portuarias contemporáneas. A batería constitúe un fito histórico en contraste co tecido industrial actual, reforzando o seu valor ambiental.

ENTORNO

Destacan o valor histórico como parte do sistema defensivo ilustrado, o valor arquitectónico pola fábrica en cachotaría e cantería, e o valor ambiental pola súa inserción na paisaxe costeira.

VALORES

BATERÍA DE VIÑAS
DENOMINACIÓN



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN


ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000



Escala: 1:5.000

IMAXES

CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN	BIC XENÉRICO
CATEGORÍA	MONUMENTO
PLANEAMIENTO	REVIS E ADAPT PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	C6
ARQUITECTÓNICO TIPO	DEFENSIVO SUBTIPO
ELEMENTO	BATERÍA COSTEIRA
NIVEL DE PROTECCIÓN	INTEGRAL
GRADO DE CONSERVACIÓN	MOI DEFICIENTE
USOS ORIXINAIS	DOTACIONAL
DETALLADO	DOTACIONAL MÚLTIPLE

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Debe poñerse en valor a súa condición de testemuño histórico do sistema defensivo da ría, a integración paisaxística da cuberta vexetal e a autenticidade material dos muros de cachotería granítica, malia o estado moi deficiente.

POSTA EN VALOR

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA	GOLFO ÁRTABRO
CONCELLO	FERROL
SECTOR COSTEIRO	RÍA DE FERROL
UNIDADE DE PAISAXE	PORTO EXTERIOR DE FERROL
PARROQUIA	DONIÑOS (SAN ROMÁN)
NÚCLEO / LUGAR	PRAIA DE CARIÑO
REFERENCIA CATASTRAL	15037A03100004
ZONA	DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
COORDENADAS	X: 555225,00 Y: 4813322,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

A batería costeira de Cariño constitúe un elemento singular do sistema defensivo, proxectada como parte das instalacións militares destinadas a protexer o acceso marítimo ao porto. Trátase dunha construción parcialmente soterrada, executada en aparello de cachotería granítica con cuberta vexetal integrada na pendente, favorecendo a súa integración paisaxística. Conserva unha porta de madeira, de factura recente, que substitúe á orixinal. A súa función era a de almacén de pólvora e pertrechos, vinculada ás pezas artilladas situadas en posicións superiores. Presenta perda parcial de muros e ausencia de carpintarías. Posúe valor histórico e tipolóxico como mostra da enxeñaría militar dos séculos XVIII e XIX. Considerado tamén Ben Arqueolóxico polo que dispón de ficha diferenciada.

DESCRIPCIÓN

Construción de planta rectangular, muros de cachotería granítica e cuberta soterrada con terras vexetadas. Destinada a almacén de pólvora, responde á tipoloxía de apoio loxístico das baterías costeiras históricas.

EDIFICACIÓN

A parcela atópase nunha ladeira costeira próxima á praia, configurada en terreo en pendente, con uso actual de carácter rústico e presenza de vexetación espontánea. Carece de delimitación clara ou peche perimetral estable.

PARCELA

O entorno inmediato intégrase na paisaxe mariña do Golfo Ártabro, dominado pola ría de Ferrol. Destaca pola súa forte relación coa liña costeira e polas vistas panorámicas, en diálogo coas estruturas militares próximas.

ENTORNO


O inmore posúe relevancia histórica como parte do sistema defensivo da ría, valor paisaxístico pola súa integración co medio natural e interese tipolóxico como mostra de arquitectura militar auxiliar de carácter estratéxico.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN


ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000



Escala: 1:5.000

IMAXES

CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: SITIO ARQUEOLÓXICO

PLANEAMIENTO: PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

FICHA: AC15036003

ZONA ARQUEOLÓXICA: ZONA ARQUEOLÓXICA
TIPO: SUBTIPO

ELEMENTO: ACHADO

NIVEL DE PROTECCIÓN: GRAO III

GRADO DE CONSERVACIÓN: ALTERADO

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: DOTACIONAL

DETALLADO: ESPAZOS LIBRE E ZONA VERDE

DELIMITACIÓN DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse coas cautelas arqueolóxicas que se consideren necesarias.

CONTORNO DO BEN

CONTORNO DE PROTECCIÓN

17_014
CÓDIGO INVENTARIO

ESCOTADURA PALEOLÍTICA
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA: A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA: GOLFO ÁRTABRO
CONCELLO: FERROL
SECTOR COSTEIRO: RÍA DE FERROL
UNIDADE DE PAISAXE: PORTO EXTERIOR DE FERROL
PARROQUIA: DONIÑOS (SAN ROMÁN)
NÚCLEO / LUGAR: CARIÑO
REFERENCIA CATASTRAL: 15037A03100499
ZONA: DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
COORDENADAS: X: 555251,00 Y: 4813334,00
U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Escotadura paleolítica consistente nunha lasca de seixo con escotadura central, atribuíble ao Paleolítico Inferior ou Medio. Corresponde a industria lítica tallada, obtida por percusión directa sobre canto rodado. A función orixinal vincúlase a actividade de procesado, corte ou raspado. Localízouse nun corte natural do lateral da praia de Cariño, en contexto costeiro erosionado. O xacemento presenta alteración por dinámica mariña, con posible arrastre e descontextualización estratigráfica. Código AC15036003, con nivel de protección Grao III.

DESCRIPCIÓN

Non existe edificación asociada ao ben.

EDIFICACIÓN

Parcela costeira irregular, asociada a dominio público marítimo-terrestre. Uso actual como espazo libre e zona verde litoral, vinculada á praia de Cariño.

PARCELA

Entorno litoral aberto na Ría de Ferrol, con praia, cantís e núcleo rural disperso. Accesibilidade por vial local. A dinámica mariña actúa como principal factor de alteración.

ENTORNO

Testemuño material de ocupación paleolítica no Golfo Ártabro, representativo de industrias líticas. Achega información sobre poboamento prehistórico e explotación de recursos, con relevancia científica e territorial.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

Escala: 1:2.000


HIPSOMÉTRICO

Escala: 1:5.000

Escala: 1:2.000



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN	BIC XENÉRICO
CATEGORÍA	MONUMENTO
PLANEAMIENTO	REVIS E ADAPT PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	C4
ARQUITECTÓNICO TIPO	DEFENSIVO SUBTIPO
ELEMENTO	BATERÍA COSTEIRA
NIVEL DE PROTECCIÓN	INTEGRAL
GRADO DE CONSERVACIÓN	MOI DEFICIENTE
USOS ORIXINAIS	DOTACIONAL
DETALLADO	DOTACIONAL MÚLTIPLE

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrucción excepcional.

AUTORIZABLES

Debe valorizarse a súa función como parte do sistema defensivo da ría, a tipoloxía militar en sillería granítica e a súa inserción paisaxística, favorecendo actuacións de consolidación, interpretación e posta en uso cultural.

POSTA EN VALOR

17_015
CÓDIGO INVENTARIO

BATERÍA DE SAN CRISTOVO
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA	GOLFO ÁRTABRO
CONCELLO	FERROL
SECTOR COSTEIRO	RÍA DE FERROL
UNIDADE DE PAISAXE	SAN CRISTOVO
PARROQUIA	BRIÓN (SANTA MARÍA)
NÚCLEO / LUGAR	SAN CRISTOVO
REFERENCIA CATASTRAL	15037A02900207
ZONA	SERVIDUME
COORDENADAS	X: 556289,00 Y: 4812774,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Edificación defensiva da ría, erixida no século XVIII (1739) como parte do sistema militar de control costeiro do Golfo Artabro. Executada en sillería granítica, responde a unha tipoloxía propia das fortalezas litorais, con disposición perimetral, patios interiores e corredores enlosados. Conserva restos de muros, troneras e cañoneiras, aínda que o estado de conservación é moi deficiente, con abundante vexetación colonizando a fábrica. O conxunto posúe relevancia histórica e arquitectónica, recoñecido BIC no ano 1994. Actualmente sen uso definido, mantén un valor como testemuña da arquitectura militar ilustrada e como parte dun sistema de defensa costeira de gran relevancia para a historia naval de Galicia. Considerado tamén Ben Arqueolóxico polo que dispón de ficha diferenciada.

DESCRIPCIÓN

Restos en sillería granítica dunha batería costeira do XVIII, con muros arruinados, troneras e vestixios de corredores. Presenta deterioro avanzado, colonización vexetal e perda da súa integridade espacial orixinal.

EDIFICACIÓN

Ubicada en solo rústico de protección de costas, parcela 15037A02900207. O terreo presenta forte pendente cara á ría, con afloramentos graníticos e vexetación espontánea dominante, dificultando a lectura arqueolóxica do conxunto.

PARCELA

Localízase no sector costeiro da ría de Ferrol, unidade de paisaxe de San Cristovo. O espazo combina valores naturais, litorais e patrimoniais, cunha relación visual directa co mar e coa rede de defensas históricas da contorna.

ENTORNO

Destaca polo seu carácter militar ilustrado, a integración na paisaxe marítima e a súa condición de BIC. Constitúe un fito estratéxico no conxunto das baterías costeiras do Golfo Ártabro, de excepcional relevancia.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN


ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000



Escala: 1:5.000

IMAXES

CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN	BIC XENÉRICO
CATEGORÍA	MONUMENTO
PLANEAMIENTO	REVIS E ADAPT PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	C3
ARQUITECTÓNICO TIPO	DEFENSIVO SUBTIPO
ELEMENTO	BATERÍA COSTEIRA
NIVEL DE PROTECCIÓN	INTEGRAL
GRADO DE CONSERVACIÓN	DEFICIENTE
USOS ORIXINAIS	DOTACIONAL
DETALLADO	DOTACIONAL MÚLTIPLE

ACTUACIÓN

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrucción excepcional.

AUTORIZABLES

Debe poñerse en valor a súa singularidade, a súa arquitectura militar en cantería granítica, a posición estratéxica e o valor paisaxístico, potenciando investigación, consolidación e difusión cultural.

POSTA EN VALOR

17_016
CÓDIGO INVENTARIO

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA	GOLFO ÁRTABRO
CONCELLO	FERROL
SECTOR COSTEIRO	RÍA DE FERROL
UNIDADE DE PAISAXE	Montes de Brión
PARROQUIA	Brión (Santa María)
NÚCLEO / LUGAR	SAN CRISTOVO
REFERENCIA CATASTRAL	15037A02900088
ZONA	SERVIDUME
COORDENADAS	X: 556819,18 Y: 4812267,57 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

A Bateria constitúe unha infraestrutura defensiva do século XVIII, integrada no sistema de fortificacións da ría de Ferrol xunto cos castelos de San Felipe, A Palma e San Martiño. Erguida en 1731, tiña a función estratéxica de reforzar a defensa costeira e garantir a protección naval ante posibles incursións. A construción conserva o perímetro fortificado en cantería e mampostería de granito, ademais de restos do enlousado do patio central. O conxunto foi declarado BIC en 1994, recoñecéndose o seu valor patrimonial, ambiental e arquitectónico. A súa situación privilexiada sobre afloramentos rochosos e a súa relación coas estruturas militares do golfo Ártabro outórganlle un destacado interese histórico e paisaxístico. Considerado tamén Ben Arqueolóxico polo que dispón de ficha

DESCRIPCIÓN

A edificación responde á tipoloxía de batería costeira do XVIII, con planta adaptada á topografía, muros de cachotaría e cantería granítica, perímetro fortificado conservado e patio central parcialmente enlousado.

EDIFICACIÓN

A parcela presenta afloramentos graníticos e vexetación atlántica, definindo un soporte natural estratéxico que reforza a súa función defensiva histórica.

PARCELA


O entorno inmediato corresponde á unidade de paisaxe Montes de Brión. Trátase dun espazo de grande valor natural e visual, cunha forte compoñente litoral, onde se integran outros bens militares patrimoniais.

ENTORNO

O elemento destaca pola súa pertenza ao sistema defensivo histórico da ría, pola construción en granítica cantería, a súa implantación paisaxística sobre costa rochosa e a relevancia como testemuño da enxeñaría militar do XVIII.

VALORES

BATERÍA DE SAN CARLOS
DENOMINACIÓN




DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BIC XENÉRICO

CATEGORÍA: MONUMENTO

PLANEAMIENTO: REVIS E ADAPT PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: C2

ARQUITECTÓNICO TIPO: DEFENSIVO SUBTIPO

ELEMENTO: CASTELO

NIVEL DE PROTECCIÓN: INTEGRAL

GRADO DE CONSERVACIÓN: ACEPTABLE

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: DOTACIONAL

DETALLADO: DOTACIONAL MÚLTIPLE

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Cómpre resaltar a súa importancia como enclave estratéxico, a singularidade arquitectónica e construtiva, así como a súa potencialidade cultural e turística.

POSTA EN VALOR

17_017
CÓDIGO INVENTARIO

CASTELO DE SAN FELIPE
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA: A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA: GOLFO ÁRTABRO
CONCELLO: FERROL
SECTOR COSTEIRO: RÍA DE FERROL
UNIDADE DE PAISAXE: MONTES DE BRIÓN
PARROQUIA: BRIÓN (SANTA MARÍA)
NÚCLEO / LUGAR: SAN FELIPE
REFERENCIA CATASTRAL: 15037A02900001
ZONA: SERVIDUME
COORDENADAS: X: 558107,00 Y: 4812643,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

O Castelo de San Felipe constitúe unha das máis relevantes fortificacións defensivas, erguida inicialmente no século XVI e ampliada ata o XIX, configurándose como unha peza clave do sistema militar xunto cos castelos de San Martiño e da Palma. De traza abaluartada e executado en cantería de granito, presenta volumetría contundente, bastións angulados, fosos e garitas de vixilancia. O seu interior artéllase arredor dun amplo patio central presidido por un edificio de dous andares con funcións de corpo principal, coroado por cuberta de mansardas e con reloxo de sol na fachada. Declarado BIC en 1994, sendo hoxe testemuño excepcional da enxeñaría militar moderna. Considerado tamén Ben Arqueolóxico polo que dispón de ficha diferenciada.

DESCRIPCIÓN

Fortificación abaluartada de grandes dimensións, con fábrica en granito, fosos e garitas. O patio central organiza o conxunto, destacando o edificio principal de dous andares, de cuberta en mansardas e singular valor compositivo.

EDIFICACIÓN

A parcela configura unha península fortificada que se proxecta sobre a ría. A súa disposición garante control estratéxico do acceso marítimo, integrándose na paisaxe litoral.


PARCELA

O entorno inmediato corresponde aos Montes de Brión, caracterizados pola vexetación autóctona e as elevacións costeiras. O enclave garante ampla dominancia visual e relación directa co medio natural.

ENTORNO

Destaca polo seu valor histórico como peza do sistema defensivo da ría, pola monumentalidade en cantería, e pola autenticidade do trazado abaluartado, constituíndo un referente da arquitectura militar galega.

VALORES





DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES





DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: MONUMENTO

PLANEAMIENTO: REVIS E ADAPT PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA:

ARQUITECTÓNICO TIPO: CIVIL SUBTIPO

ELEMENTO: CONXUNTO

NIVEL DE PROTECCIÓN: ESTRUCTURAL

GRADO DE CONSERVACIÓN: DEFICIENTE

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: RESIDENCIAL

DETALLADO: RESIDENCIAL UNIFAMILIAR

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES:

Debe poñerse en valor a trama mariñeira orixinal, os muros de cachotería, as cubertas de tella tradicional e o peirao histórico.

POSTA EN VALOR:

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA: A CORUÑA

COMARCA COSTEIRA: GOLFO ÁRTABRO

CONCELLO: FERROL

SECTOR COSTEIRO: RÍA DE FERROL

UNIDADE DE PAISAXE: MONTES DE BRIÓN

PARROQUIA: BRIÓN (SANTA MARÍA)

NÚCLEO / LUGAR: SAN FELIPE

REFERENCIA CATASTRAL: 8533203NJ5183S

ZONA: SERVIDUME

COORDENADAS: X: 558406,00 Y: 4813145,00
U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

O conxunto patrimonial configúrase como asentamento costeiro de tipoloxía tradicional vinculada á actividade mariñeira, con función orixinal residencial e complementaria pesqueira. As edificacións, de dúas plantas media, presentan muros de carga de cachotería granítica, enfuscados e pintados, con carpinterías de madeira e cubertas a dúas augas con tella cerámica curva. A disposición urbanística responde a un trazado orgánico adaptado á topografía litoral, con orientación sur e presenza de peirao e ramplas de acceso ao mar. O conxunto, datable entre finais do século XIX e primeira metade do XX, mantén a estrutura morfolóxica tradicional.

DESCRIPCIÓN

Volume compacto de dúas plantas e baixo cuberta, planta rectangular e cuberta a dúas augas con tella curva. Fachada enfuscada e pintada en tons claros, carpinterías de madeira. Estrutura portante de muros de cachotería.

EDIFICACIÓN

Parcela de xeometría irregular, adaptada á pendente costeira e delimitada por muros de mampostería. Uso residencial con conexión directa coa rúa principal e coa liña marítima mediante peirao e rampla tradicional.


PARCELA

Entorno urbano de baixa densidade, tipoloxía mariñeira tradicional. Contexto arquitectónico de valor ambiental coherente e integrado. Entorno paisaxístico de elevada calidade visual, con arborado autóctono e fronte naturalizado.

ENTORNO

Destaca polo seu valor histórico como enclave pesqueiro tradicional, pola continuidade do tecido mariñeiro e pola súa función identitaria dentro do litoral. Constitúe testemuño da arquitectura popular costeira.

VALORES




DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN


ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL

DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN **BEN CATALOGADO**

CATEGORÍA **MONUMENTO**

PLANEAMIENTO **REVIS E ADAPT PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

FICHA **D3**

ARQUITECTÓNICO **CIVIL**
TIPO **SUBTIPO**

ELEMENTO **PEIRAO/ALMACÉN**

NIVEL DE PROTECCIÓN **INTEGRAL**

GRADO DE CONSERVACIÓN **MOI DEFICIENTE**

USOS ORIXINAIS

GLOBAL **INDUSTRIAL**

DETALLADO **ALMACENAXE**

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Nivel de protección integral para o peirao, protección estrutural para a nave.
Debe salientarse a autenticidade da arquitectura industrial en pedra, a súa relación directa co mar e o peirao.

POSTA EN VALOR
17_019
CÓDIGO INVENTARIO

NAVE DE ASTAFERSA E PEIRAO
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA **A CORUÑA**

COMARCA COSTEIRA **GOLFO ÁRTABRO**

CONCELLO **FERROL**

SECTOR COSTEIRO **RÍA DE FERROL**

UNIDADE DE PAISAXE **A GRAÑA-BRIÓN**

PARROQUIA **A GRAÑA (SANTA ROSA DE VITERBO)**

NÚCLEO / LUGAR **A GRAÑA**

REFERENCIA CATASTRAL **9943402NJ5194S**

ZONA **DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE**

